

---

# NON HAI ESCAPATORIA E OUTROS CONTOS MARABILLOSOS

Texto de TIM BOWLEY

Ilustracións de ÓSCAR VILLÁN

Tradución de CARLOS ACEVEDO

---

Encadernado en cartón. 15 x 23,5 cm. 86 páx. 14 €.

**Non hai escapatoria e outros contos maravillosos** (galego)

ISBN 978-84-8464-792-8. Sete Leguas.

**No hay escapatoria y otros cuentos maravillosos** (castelán)

ISBN 978-84-92608-60-7. Siete Leguas.

**Não há como escapar e outros contos maravillosos** (portugués)

ISBN 978-989-8205-80-3. Sete Léguas.

*Un famoso criador de cabalos mandou o seu servo ao mercado para comprar froita. O servo xa case rematara as compras cando un terrible arrepío lle percorreu as costas; deu media volta e descubriu unha imponente e delgada figura encapuchada e vestida de negro...*

(Fragmento do relato 'Non hai escapatoria').

Logo de "O Rei Oso Branco e outros contos maravillosos", Tim Bowley e Óscar Villán presentan "Non hai escapatoria", onde o narrador británico afincado en Galicia recompila unha nova escolma dos seus mellores relatos. Dez historias sobre amores, humores e avaricias, protagonizadas por criaturas máxicas, personaxes solitarios e membros da realeza; aventuras emocionantes e terroríficas lendas da morte. Imaxes descritivas, non exentas de efectos sorprendentes, anteceden cada texto, creando o clima de lectura idóneo.



- 
- **Temática:** libro de relatos maravillosos.
  - **Idade recomendada:** a partir de 8 anos.
  - **Aspectos destacables:** da serie de relatos iniciada co libro "O Rei Oso Branco e outros contos maravillosos"; do autor de "Xaime e as landras" e "Amelia quere un can" (KALANDRAKA); do ilustrador de "O coelliño branco", "A cebra Camila", "Do berce á lúa" (KALANDRAKA) e "Un becho estraño" (FAKTORÍA K).
- 

## Tim Bowley

(Londres, 1945)

Narrador, especialista en contos tradicionais. Imparte cursos e realiza sesións de contacontos. Ao longo de máis de 20 anos de experiencia, percorreu numerosos países. Colaborou nunha antoloxía narrativa publicada no Reino Unido e editou a obra bilingüe inglés-español titulada "Semillas al viento", en colaboración con Casilda Regueiro, con quen formou tándem artístico. É autor dos álbums infantís "Xaime e as landras", "Amelia quere un can" e do libro de relatos "O Rei Oso Branco e outros contos maravillosos", editados por KALANDRAKA.

## Óscar Villán

(Ourense, 1972)

Licenciado en Belas Artes (especialidade de Pintura.) Co seu primeiro traballo de ilustración infantil, "O coelliño branco" (KALANDRAKA), recibiu o 1º Premio Nacional de Ilustración 1999. Obra que, ao ano seguinte, foi incluída polo Banco do Libro de Venezuela no catálogo dos 'Mellores Libros para Nenos'. Ilustrou outros títulos -tamén en KALANDRAKA- como "O Rei Oso Branco e outros contos maravillosos", "A cebra Camila", "Amora" e a colección para prelectores "Do berce á lúa", aos que se suma o álbum "Un becho estraño" (FAKTORÍA K). Dirixe a colección 'Alfabetos' en KALANDRAKA. <http://ovillan.com/>

---

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com

---